



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E O CONCELLO DE
SOUTOMAIOR, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN INSTITUTO DE EDUCACIÓN
SECUNDARIA NA LOCALIDADE DE SOUTOMAIOR**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de Soutomaior o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o momento en que rematen as actuacións previstas na cláusula segunda.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer os mecanismos de colaboración necesarios entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Soutomaior para a construción dun Instituto de Educación Secundaria na localidade de Soutomaior.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentan no seguinte:

Xa no ano 2014 iniciáronse os estudos do servizo de inspección provincial, acerca da necesidade de construción dun IES neste concello, tendo en conta que o único centro público da localidade de ensino primario e secundaria, é un CPI (Centro Público Integrado Manuel Padín Truiteiro) que está saturado pola falta de espazos e onde se imparten ensinanzas de 3 a 16 anos. A esta situación engadir a demanda por parte da poboación de Soutomaior de dispoñer de ensinanzas de Bacharelato na localidade, demanda que se acentuou no pasado ano 2015, ante a perspectiva de construción dun novo IES.





Os CPIs xurdiron coa implantación da ESO para atención do alumnado de 3 a 16 anos nos concellos que non dispoñían de IES. Se ben, nun primeiro momento da súa implantación serviu para evitar o desprazamento dos menores do seu entorno, en concellos con alta densidade de poboación estes centros acabaron saturados, xa que se trataba dos antigos centros de EXB para nenos de 4 a 14 anos.

Así, razóns de mellora na calidade do ensino mediante a dotación de espazos que permitan mellorar a ratio alumnos/nº de unidades, e unha atención personalizada, minimizando ademais o abandono escolar temperá, mediante a implantación de novos estudos de Bacharelato no concello de Soutomaior, fan necesaria a construción do novo IES.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jesús Oitavén Barcala

